

O COLECCIONISTA DE CUNCHAS

por Víctor Caamaño Rivas

Coleccionar para coñecer e coñecer para respectar. Esta frase podería ser un bo inicio dependendo, claro, do que pretendas coleccionar. Sexamos inocentes por un momento e pensemos nas cunchas de moluscos; cunchas que no seu día diron protección a diferentes seres vivos e que agora, xa como materiais inertes, o mar nolas mostra e ofrece como tributo para que poidamos gozar delas. Pois ben, imos recoller cunchas polo que de seguido tentarei darvos uns bos consellos para a recolección, limpeza, conservación, identificación e clasificación dos diferentes exemplares.

Pero antes de entrar en materia quero dicirvos que eu como afeccionado á "malacología" (estudio e coleccionismo de cunchas), á parte de percorrer a cotío as nosas praias e rochedos na procura delas, sinto certa debilidade por visitar as tendas que exhiben preciosos e exóticos exemplares procedentes dos mares tropicais. A compra tamén sería unha opción para o coleccionista, mais nunca se debe olvidar que este comercio está a expoliar moitas das especies de moluscos dos mares do mundo. Ben, imos á praia.

Vou recoller cunchas.

Unha praia pode ser un bo inicio para buscalas; nin sequera cómpre que vaíamos cando a marea está baixa. As ondas, ó romperem na praia, van acumulando as cunchas en ringleiras na area. Nestos casos non hai máis que ollar e recoller, e cando o fagas poderás observar que a maioría das cunchas pertencen a moluscos bivalvos (ameixas, ostras, mexillóns...), pois as

zonas areosas nas que se enterran son o seu hábitat ideal.

Se queres cunchas de caracóis mariños ou gasterópodos, mellor búscas nos lugares rochosos. Agarda a baixamar e entre as rochas atoparás exemplares do máis variado.


Unha sinxela bolsa de plástico ou un bote de cristal serán suficientes para trasladar o material ata a túa casa; aínda que se o teu interés vai máis alá do mero coleccionismo e pretendes obter información sobre a vida

ou a ecoloxía das especies recollidas, leva tamén un caderno, un lapis e unha guía de campo.

Limpo e conservo os meus exemplares.

Xa chegaches á casa. Agora debes lavar as cunchas en auga doce para que recuperen o brillo e a cor viva que os caracterizan. Poderás observar que, nalgúns casos, as cunchas todavía conservan apegados os restos do animal ó que pertencían ou que a súa superficie exterior aparece recuberta de algas. Para eliminar os restos que deslucen os exemplares, deberás introducilos nunha cubeta con auga doce e unha certa cantidade de lixivia. Agarda dúas horas e lava as cunchas en auga fría para eliminar o efecto corrosivo da lixivia; polo tanto non a utilices se na túa colección vai primar o carácter científico sobre o estético. Este composto destrúe o periostraco (revestimento semellante a unha pel seca que recobre a cuncha dos moluscos) e o ligamento dos bivalvos (especie de tendón que une as dúas valvas), afeando a imaxe que poida ofrecer a colección. De tódolos xeitos sempre poderás recorrer a un cepillado con auga doce como método de limpeza alternativo, pero xamais as fervas, pois a calor afecta ás cores e pode chegar a fracturar a cuncha.

Oarrastre provocado polas ondas e as correntes mariñas adoita orixinar pequenas raiaduras e gretas superficiais nas cunchas; ¿como eliminalas?, pois cun pano e vaselina. Tentaremos estender sobre a superficie deteriorada unha fina capa



de vaselina (obterás mellores resultados utilizando parafina líquida, aínda que é máis difícil adquirir), que potenciará o brillo e as cores naturais.

Para almacenar os exemplares sería aconsellable situalos nun lugar onde non lles dea a luz. A luz tende a deteriorar as cores, polo que un moble de caixóns sería moi axeitado para almacenar cunchas. Ben, isto é o que aconsellan os malacólogos "integristas", pero eu prefiro colocalas nun lugar visible onde poida gozar coa súa contemplación e non sinto mágoa porque vaian envellecendo comigo.

As miñas guías de consulta.

Un dos momentos máis apaixonantes do coleccionismo chega cando comezamos a pescudar o nome dos exemplares recollidos. Para que esta labouira non resulte infrutuosa cómpre utilizar unha boa guía de identificación. A verdade é que hai moi boas guías, polo que farei un rápido repaso sobre as que considero de máis utilidade para o malacólogo galego afeccionado. A primeira delas leva por título, "*Guía dos moluscos de Galicia*"; está editada pola editorial Galaxia e o seu autor é Emilio Rolán. Nesta guía, as especies aparecen agrupadas polo seu parentesco, sempre con debuxos e mapa de distribución de cada exemplar e nalgúns casos fotografía. Este mesmo autor ten editada en Xerais a "*Guía ecolóxica das cunchas e moluscos de Galicia*". O enfoque desta última é diferente ó da anterior, pois as especies aparecen aquí agrupadas por ecosistemas, polo que a identificación pode resultar un pouco máis difícil, pero pola contra ofrece unha visión máis completa sobre a bioloxía e a ecoloxía

dos moluscos das augas galegas. O prezo de ámbalas dúas guías ronda as 4.000 pesetas e son, sen dúbida algunha, as máis axeitadas para o recoñecemento das nosas especies.

Se notas que o tema te vai engancho e queres saber máis, podes consultar a revista "*Thalassas*"; editada polo Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela. Nesta revista hai dous números monográficos, adicado un ós gasterópodos ou caracois ("*Moluscos de la Ría de Vigo I. Gasterópodos*") e outro ó resto dos grupos de moluscos ("*Moluscos de la Ría de Vigo II. Poliplacóforos, Bivalvos, Escafópodos, Cefalópodos*"). Do primeiro monográfico, a Universidade editou un pequeno extracto co título de "*Moluscos gasterópodos de Galicia*". Por suposto que o autor destas magníficas publicacións é Emilio Rolán e nelas achéganos ás especies de moluscos que non aparecen nas típicas publicacións xerais sobre o tema. Os prezos dos monográficos son semellantes ós das anteriores guías e aínda que non son tan doados de atopar nas librerías do Salnés, podes encontralos á venda nas de Pontevedra ou Santiago.

Ademais das anteriores guías, tamén existen outras de carácter xeral que te poden axudar a recoñecer aquelas especies que se resistían. Algunhas teñen fotos e debuxos que sempre achegan unha información de utilidade. Podes atopar material destas características nas editoriais Omega, Grijalbo ou Blume. E para finalizar, teño que facer tamén referencia ós libros sobre a fauna mariña, pois neles poderás consultar e obter información nos capítulos referidos ós moluscos.



Turritella



Volandreira



Lapa común



Helcion pellucidum



Pé de pelicano



Peonzas



Caracóis